

Adaptación: **JOAN DE DÉU PRATS**  
Ilustracións: **JORDI BULBENA**  
Tradución: **VITORIA BALLESTEROS**  
Música: **NÜREMBERG SYMPHONIKER**  
**CORO DA STAATSOPER MÜNCHEN**  
**HANSPETER GMÜR**

Encadernado en cartón. 25x22 cm.


36 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

-Galego: "Aida"  
ISBN 978-84-8464-581-8

-Portugués: "Aida"  
ISBN 978-972-8781-47-7

Prezo: 20 €



## AIDA

**Nos tempos do antigo Exipto, cando se reflexaban magníficos templos no caudaloso Nilo, se construían fabulosas pirámides e reinaba omnipresente o faraón, aconteceu unha grande historia. Unha historia que enfrentou dúas paixóns. O verdadeiro amor que nace entre un home e unha muller, e o amor co que se venera a patria.**

KALANDRAKA introdúcese no xénero da ópera prima da man dun selo de ampla e contrastada experiencia, HIPÒTESI, para achegarlles aos lectores galegos e portugueses a adaptación dunha das obras máis senlleiras do mestre Giuseppe Verdi (Roncole, 1813-Milán, 1901).

"Aida" é unha ópera en catro actos que se estreou na Ópera do Cairo en decembro de 1871, con música de Verdi e libreto de Antonio Ghislanzoni, baseada nunha obra de Auguste Mariette. Esta edición inclúe un CD con algúns fragmentos da composición musical que se poden escoitar segundo se le a historia.

Trátase dunha obra de formato dialogado que permite introducir aos máis cativos no mundo da ópera, da música clásica, dos teatros e dos grandes espectáculos para que cheguen a ser adultos afeccionados á cultura. Na súa derradeira páxina inclúe unha biografía do compositor.

O amor é un tema común a moitas óperas, principalmente cando son difíciles, imposibles e mesmo de triste final. Este drama histórico sitúanos no antigo Exipto, onde se mesturan sentimentos tan intensos coma o amor entre o heroe guerreiro Radamés e a escrava Aida, os ciumes da princesa Amneris ou a guerra entre exipcios. Finalmente, o amor verdadeiro triunfa por riba das patrias e mesmo da propia morte.

O escritor Joan de Déu Prats publicou máis de 70 libros infantís e xuvenís. Tamén realizou adaptacións de óperas, contos clásicos e traducións. Colabora con revistas e xornais como Cavall Fort, Tertzavents, Avui, La Vanguardia, El Mundo ou El Periódico de Cataluña.

As ilustracións de Jordi Bulbena destacan polo seu clasicismo, pola voluptuosidade da representación da figura humana e pola exuberancia da paisaxe, cunha paleta de cores moi variada e con trazos de pincel facilmente apreciábeles.

- **Temática:** libro de ópera ambientado no antigo Exipto
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** inclúe un cd con fragmentos da composición de Verdi; outros títulos da colección 'Ópera para nenos en galego: "A fruta máxica", "O barbeiro de Sevilla", "Orfeo e Euridice", "Porgy and Bess"

